



UNIDADES 3 e 4 AGUAS E CLIMAS

DEFINICIÓNS:

AFLUENTE: Chamamos así ao río de menor tamaño que desemboca noutro río.

CAUDAL: Cantidade de auga que leva un río nun punto determinado.

CURSO: Percorrido que efectúa un río desde o seu nacemento ata a súa desembocadura.

ESTIAXE: Nivel máis baixo do caudal que alcanza un río ou lago nalgunhas épocas do ano..

HIDROLOXÍA: Ciencia que estuda as augas, especialmente as continentais superficiais e subterráneas.

MEANDRO: Curva formada no curso medio dun río debido á escasa pendente.

VERTENTE HIDROGRÁFICA: Conxunto de ríos que desembocan nun mesmo mar ou océano

TEMPO ATMOSFÉRICO: Estado da atmosfera sobre un lugar concreto nun momento determinado.

CLIMA: Sucesión habitual de tipos de tempo nun lugar deducido do estudo da atmosfera durante un período amplo de tempo.

CLIMOGRAMA: Representación gráfica dun clima baseada nas temperaturas e as precipitacións